



## Concello de Rábade

### **DECRETO DA ALCALDÍA.- Rábade, 21 de maio de 2026.**

Vistas as bases aprobadas por decreto desta Alcaldía con data 11 de maio actual para a selección dos alumnos-traballadores do obradoiro de emprego Cumes Terra Cha IX, a saber a base sétima que fixaba o xoves 21 de xuño como data límite de presentación de instancias de participación.

Considerando que durante a fase preparatoria do inicio do proxecto producíronse diversas incidencias administrativas e de tramitación que afectaron ao procedemento de xestión das ofertas de emprego necesarias para a selección do alumnado-traballador do obradoiro, o cal acurtou substancialmente de facto o prazo de presentación de instancias.

Considerando o disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en canto á ampliación de prazos.

En virtude das competencias atribuídas á Alcaldía pola lexislación de réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prorrogar o prazo de presentación de instancias de participación no proceso de selección de alumnos traballadores do obradoiro dual de emprego "Cumes Terra Cha IX" por un prazo adicional de cinco días naturais, contados a partir do seguinte da presente data.

SEGUNDO.- Publicar o presente decreto no tablón de edictos e na sede electrónica do Concello de Rábade, dar traslado do mesmo aos Concellos de Begonte e Friol así como ao Pleno da Corporación municipal.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO ,

*DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.*

**DECRETO DE ALCALDIA**  
Número: 2026-0226 Data: 21/05/2026

Cod. Validación: 7034D6N4M02NPKKEL5FRX9TNG  
Corrección: <https://rabade.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

Concello de Rábade

Praza do 28 de maio, s/n, Rábade. 27370 Lugo. Tfno. 982390062. Fax: 982390411

